

## CPI AS REVOLTAS

### CIRCULAR INFORMATIVA SOBRE O USO DE TELÉFONOS MÓBILES

Tal e como se recolle no *artigo 19 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*, **“prohibese o uso de teléfonos móbiles durante os períodos lectivos. Excepcionalmente, os centros poderán establecer normas para a súa correcta utilización como ferramenta pedagóxica”**. Así, nas Normas de Organización e Funcionamento do centro establécese que se poderá empregar en actividades pedagóxicas específicas, con consentimento previo e baixo a supervisión do profesorado.

Ante a aparición de situacións nas que se está a facer un uso indebido de imaxes de alumnado e profesorado, incluíndo a súa difusión en Redes Sociais, solicitamos colaboración ás familias para que tomen as medidas oportunas, recordando aos seus fillos/as que accións deste tipo poden ser tipificadas como delito.

Recordamos tamén que calquera comunicación co alumnado debe facerse a través dos teléfonos do centro educativo.

Agradecendo a vosa colaboración,

O Equipo Directivo do CPI As Revoltas.

Cabana de Bergantiños, 30 de novembro de 2021.